

Da luz cegada de Medos Romero

Armando Requeixo (*)

De Medos Romero cal dicir verba labrada, palabra que sitia o tempo, fulgor outonizo dos sentimentos. Quen sen abeirar ás páxinas de “Lenzo das madrugadas” (Santiago, Follas Novas Edicións, 2003) mergullarase no dominio dun mundo que desaparece, que se derruba, cosmos dos lugares dunha infancia rural tocados de morte pola vertixe do despoboamento das nosas aldeas e o afogamento dos modos de vida tradicionais, tronzados de raíz polos novos costumes urbanitas.

A poesía de Medos Romero é toda ela unha continua sinfonía léxica. Poucos creadores actuais poden presumir da súa fondura no coñecemento das firgoas íntimas da lingua de noso. Palabras coma lanzas que homenaxean intertextualmente a Manuel María ou Novoneyra, mestres do telurismo



paisaxista no que semella inserirse a poeta das Pontes. Mais tamén dialoga a autora coa “Paisaxe erma” de Eliot ou o “Corazón da tebra” de Conrad, porque to-

da a literatura occidental, no fondo, non é máis que un inmenso tapiz no que cada creador vai sumando as súas puntadas, como Medos Romero, que engade os fios sepia da nostalxia do paraíso perdido da nenez a esa tea, enleándoa nun tecer propio no que hai lugar tamén para a súa xeografía sentimental, chámese esta Somede, Marraxón, Vilarbó, Chao, Laxoso ou Ribeiras, tanto ten.

“Lenzo das madrugadas” de Medos Romero é un raro licor que cómpre beber a grolíños e espaciadamente. A poesía con esencias é un néctar só para padais exquisitos. Diso hanse percatar, de certo, os que se acheguen ás súas páxinas, “luz cegada baixa/ á sombra do fraguío”.

(*) Armando Requeixo é profesor e crítico literario